

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP de CEDEIRA
CURSO: 2º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: MATEMÁTICAS
DEPARTAMENTO:
DATA: 10/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	2	CENTRO: CEIP CEDEIRA CURSO: 2º PRIMARIA MATERIA: MATEMÁTICAS
----------------------------------------------------------	---	--------------------------------------------------------------------

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Mínimo esixible
B1.1. Resolver problemas sinxelos relacionados con obxectos, feitos e situacións da vida cotiá e explicar oralmente o proceso seguido para a súa resolución.	MTB1.1.1. Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema.	Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema axudándose de pautas orais.
B1.2. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais polo traballo matemático ben feito.	MTB1.2.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto que se vaia traballar na área de Matemáticas.	Traballa ordenadamente na área de matemáticas.
B1.3. Utilizar, coa guía do mestre ou da mestra, os medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe e para a resolución de problemas.	MTB1.3.1. Utiliza os medios tecnolóxicos na resolución de problemas.	Utiliza os medios tecnolóxicos na resolución de problemas.
BLOQUE 2. NÚMEROS		
B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.	MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 999. MTB2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais MTB2.1.3. Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes.	Coñece os números naturais ata o 999. Identifica o valor segundo a posición. Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes.
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	MTB2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais. MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 999. MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras. MTB2.2.4. Identifica os números pares e os impares.	Utiliza os números ordinais en contextos reais. Interpreta os números ata 999 Descompón e compón números ata 999. Identifica os números pares e os impares.

<p>B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.</p>	<p>MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados.</p> <p>MTB2.3.2. Resolve operacións con cálculo mental.</p>	<p>Realiza sumas e restas.</p> <p>Utiliza o cálculo mental como estratexia para resolver operacións (pero a inseguridade leva a apoiarse no papel para realizar o cálculo).</p>
<p>B2.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</p>	<p>MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.</p> <p>MTB2.4.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.</p>	<p>Entende os enunciados dos problemas e formular mentalmente as solucións de problemas sinxelos.</p> <p>Resolve os problemas e repasa a resta ou a suma que resolveu.</p>
BLOQUE 3. MEDIDA		
<p>B3.1. Coñecer e utilizar o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.</p>	<p>MTB3.1.1. Coñece e utiliza o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.</p>	<p>Coñece e utiliza o cm.</p>
<p>B3.4. Coñece as unidades básicas de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.</p>	<p>MTB3.4.1. Le a hora en reloxos analóxicos e dixitais. (En punto, medias e cuartos)</p>	<p>Le a hora en reloxos analóxicos (en punto, media e cuarto).</p>
<p>B3.5. Coñece o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.</p>	<p>MTB3.5.1. Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.</p>	<p>Coñece o valor de moedas e billetes.</p>

BLOQUE 4. XEOMETRÍA		
B4.2. Nomear un polígono segundo o seu número de lados.	MTB4.2.1. Coñece os diferentes tipos de polígonos en obxectos do entorno inmediato.	Identifica triángulo, cadrado, circunferencia e círculo en obxectos do entorno inmediato e clasifica os polígonos polo seu número de lados.
B4.3. Discriminar prismas, pirámides, conos, cilindros e esferas.	MTB4.3.1. Recoñece corpos con formas cúbicas e esféricas en obxectos do entorno inmediato.	Identifica prisma, pirámide, cono, cilindro e esfera en obxectos do entorno inmediato.
B4.4. Interpretar representacións espaciais realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.	MTB4.4.1. Realiza e interpreta esbozos de itinerarios sinxelos.	Interpreta itinerarios sinxelos.
BLOQUE 5. ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE		
B5.1. Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais, gráficos de pictogramas... comunicando a información.	<p>MTB5.1.1. Rexistra e interpreta datos en representacións gráficas.</p> <p>MTB5.1.2. Resolve problemas contextuais nos que interveñen a lectura de gráficos.</p>	<p>Interpreta e conta os resultados, pero presenta dificultades para expresar a información nunha táboa.</p> <p>Resolve problemas nos que interveñen gráficos.</p>

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p><u>Procedementos:</u></p> <p>Seguindo as instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do 3º trimestre do vindeiro curso académico, o traballo do 3º trimestre non será avaliado do mesmo xeito que a avaliación presencial do 1º e 2º trimestre.</p> <p>A 3º avaliación estará enfocada a labores de reforzo, repaso e recuperación. Polo tanto a avaliación do 3º trimestre servirá exclusivamente, para recuperar as avaliacións pendentes ou mellorar a cualificación final.</p> <p>Terase en conta a revisión e valoración do traballo feito polo alumnado, participación nas videochamadas grupais (tendo en conta as situacións de cada familia para tal fin), valoración da participación en actividades propostas polo centro, valoración da participación nos retos semanais, valoración de actividades dos contidos traballados no 1º e 2º trimestre (cálculo, numeración, descomposición, resolución de problemas...)</p> <p>Ademais temos en conta, seguindo a lexislación vixente, que a avaliación é continua, sumativa e globalizada.</p> <p><u>Instrumentos:</u> caderno da titora (registro de seguimento, esforzo, progreso, dificultades, participación nas tarefas propostas neste 3º trimestre), rúbricas das diferentes unidades traballadas no 1º e 2º trimestre, ficha de seguimento do alumnado.</p>
Cualificación final	<p>Para obter a cualificación final nesta área terase en conta a cualificación obtida na primeira e na segunda avaliación, así como a evolución, o grao de seguimento do curso ata o 13 de marzo, e o grao de seguimento das tarefas propostas durante o terceiro trimestre, tendo en conta que este último punto será valorado sempre positivamente e non perxudicará a súa nota final.</p> <p>O procedemento para obter a cualificación final de curso será ter en conta as cualificacións do 1º e 2º trimestre. Só variará nos casos onde é preciso recuperar as avaliacións pendentes ou mellorar a cualificación final.</p> <p>Á hora de avaliar ao alumnado, ademais de ter en conta os criterios de avaliación tamén temos presente as aptitudes e actitudes amosadas polo alumnado no 1º e 2º trimestre, seguindo os seguintes criterios de cualificación:</p>

	<p>1. 20%</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Respecta ao profesorado ▪ Respecta aos compañeiros ▪ Mantén o material en bo estado. ▪ Respecta as quendas: entradas, saídas... <p>2. 10%</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Mantén unha actitude de respecto nas clases (silencio, atención ás explicacións...:) ▪ Amosa actitude de traballo, esforzo, interese. ▪ Fai as tarefas mantendo a orde a limpeza. ▪ Remata as tarefas a tempo. <p>CUALIFICACIÓN FINAL (100%) = 70 % criterios de avaliación + 30% criterios de cualificación.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: Plan de Reforzo Individualizado para o alumnado con materias non superadas.</p>
	<p>Criterios de cualificación: Os mesmos que o alumnado que superou todas as materias (expostas anteriormente).</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: <u>Adaptación</u> das técnicas e instrumentos de avaliación, ao igual que o alumnado que superou todas as materias (incluído no Plan de Reforzo Individualizado). As materias non superadas da primeira e/ou da segunda avaliación poderán recuperarse co traballo realizado no 3º trimestre.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>As actividades propostas deberán ir dirixidas a axudar a manter os hábitos e o proceso de aprendizaxe, polo que serán actividades que cheguen a todo o alumnado e que estén orientadas ao desenvolvemento das competencias, nesta área, en particular, ao desenvolvemento da competencia matemática.</p> <p>Proporanse actividades en diferentes soportes, como o dixital e interactivo, propoñendo iniciativas que favorezan o desenvolvemento matemático mediante a interiorización da numeración, descomposición, o cálculo (sumas e restas, con levadas), resolución de problemas e representación do plantexamento matemático á hora de resolver problemas, localización espacial (esquerda, dereita,...)</p> <p>Serán actividades con diferentes graos de realización e dificultade, actividades diversas para traballar un mesmo contido, actividades de reforzo dos obxectivos mínimos e prioritarios, actividades que permitan repasar, reforzar e/ou ampliar os contidos traballados na aula ata o peche dos centros.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A metodoloxía será significativa e motivadora, evitando así caer na repetición e na monotonía á que pode levar o traballo individual na casa.</p> <p>Terase en conta as situacións familiares neste contexto e potenciarase a equidade para todo o alumnado, xa que non sería xusto promover un tipo de aprendizaxe donde non poida acceder todo o alumnado.</p> <p>A interacción entre alumnado e profesor será continua, pondo a disposición das familias e do alumnado o contacto telefónico da titora para calquer aclaración ou dúbida, un correo electrónico que serve para comunicarnos e como vía de entrega e corrección das tarefas propostas, promovendo unha aprendizaxe cunha retroalimentación, que dará significado a esta situación.</p> <p>Ademáis como elemento motivador e espazo de unión entre o alumnado e mestra, subíronse a páxina web do cole unha serie de vídeos como retos semanais.</p> <p>O seguimento titorial e o apoio emocional ó alumnado e as súas familias son de gran relevancia neste contexto.</p>
Materiais e recursos	<p>Empregaranse materiais e recursos en liña postos a disposición do profesorado para estes momentos excepciónais, o libro do alumando, fichas interactivas, materiais manipulativos da propia editorial.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>O contacto da titora coas familias e o alumnado é por varias vías, ben a través do teléfono, donde as familias e alumnado o empregan en caso de dúbida ou aclaración, no momento que o precisen, co correo electrónico, dende abalar e nas videoconferencias.</p> <p>Desta maneira preténdese recibir e dar información sobre a evolución e o traballo dos nenos e das nenas nestes meses.</p>
Publicidade	<p>A programación está publicada na páxina web do centro.</p> <p>En canto á publicidade das propostas a nivel centro, durante este tempo, tamén se atopan na páxina web, nos espazos creados durante este periodo “os noso alumnos teñen moito que dicir”, iniciativas polo Día do libro ou iniciativas creativas.</p>